

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CENTRO AUTORIZADO PROFESIONAL DE MÚSICA DE
TORROSO-MOS

CURSO: 1º,2º,3º,4º GRAO PROFESIONAL

MATERIA: TROMPETA

DEPARTAMENTO: Vento metal e percusión

DATA:12/05/2020



ÍNDICE

Índice	2
1. Obxectivos e contidos imprescindibles	3
Curso: 1º de grao profesional.....	5
Curso: 2º de grao profesional.....	7
Curso: 3º de grao profesional.....	8
Curso: 4º de grao profesional.....	10
2. Avaliación e cualificación	12
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	14
4. Información e publicidade.....	17



1. OBOJECTIVOS E CONTIDOS IMPRESCINDIBLES

Tendo en conta que a formación na práctica instrumental se dá de forma globalizadora e progresiva, ao longo dos sucesivos cursos, non é preciso establecer unha prioridade dos obxectivos ou criterios a valorar, xa que pouco difiren dun curso a outro (simplemente se enriquecen segundo o nivel instrumental e cognoscitivo do alumnado). O que se realizará será unha adaptación da metodoloxía á forma telemática, tentando de manter a formación musical integral no instrumento.

Deste modo, referidos á programación de trompeta deste curso 2019/2020, cómpre incluír os obxectivos das ensinanzas profesionais de réxime especial, incluídos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Estes obxectivos mencionados aparecen no seu artigo 3º, e son:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Todos estes obxectivos, excepto o *e*), poden ter continuidade na adaptación da docencia de forma telemática, cobrando especial interese o *h*), xa que a escoita activa da propia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



actividade musical vai ser fundamental para a continuidade dunha formación musical de calidade do/a alumno/a.

Así mesmo, no artigo 6º do mesmo decreto se mencionan os obxectivos específicos deste tipo de ensinanzas, que son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



Neste grupo de obxectivos, non se poden perseguir neste terceiro trimestre aqueles que fan referencia á interpretación musical grupal e ás actuacións en público. Non obstante, polo carácter continuo mencionado anteriormente da materia de trompeta, si foron respectados ata o 13 de marzo de 2020, polo que se pode considerar que foron cumpridos, na medida en que o alumnado de trompeta do centro tivo oportunidades de interpretar música en grupo e actuar publicamente (tiveron lugar dúas audicións da materia neste curso: unha o primeiro trimestre e outra no segundo). Neste terceiro trimestre, daránselle prioridade aos demais obxectivos, aproveitando as vantaxes que o traballo autónomo e individual que o alumnado pode facer nas súas casas aporta de cara á consecución dun criterio propio e un autocoñecemento axeitado para unha correcta progresión co instrumento.

A continuación se inclúen os obxectivos e contidos marcados na programación de trompeta para cada curso, indicando, entre parénteses ou tachados, aqueles que non se puideron cumprir e/ou os que tan só se puideron acadar ata o 13 de marzo (de maneira presencial). Os que non teñen aclaracións son os que se continuarán a traballar sen interrupción de forma telemática durante este 3º trimestre.

CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

- Ampliar a práctica da respiración e a relaxación.
- Profundar a técnica ampliando recursos sonoros, tímbricos e rexistro no instrumento.
- Dominar a expresión amparándose nos recursos técnicos, facilitando así a interpretación dos distintos estilos.
- Ampliar e interiorizar de forma autónoma os coñecementos musicais para lograr unha correcta interpretación.
- Utilizar con corrección a dicitación a articulación, fraseo, etc., para unha correcta expresión musical.
- Asentar os tres alicerces básicos dentro do estudo da trompeta: emisión, sonoridade e afinación.
- Abordar obras representativas das diferentes épocas e estilos.
- Practicar a música de conxunto, en distintas formacións, abarcando desde o repertorio de solista ao de instrumentista nos diferentes grupos. (ata o 13 de Marzo)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



- Estudar as principais características dos distintos períodos históricos, así como as grafías e ornamentacións.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Interpretar en público, empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos obras acordes co nivel.
- ~~Iniciar o estudo do transporte.~~

Contidos

- Práctica dos principais exercicios de respiración e relaxación.
- Estudo da boquilla.
- ~~Estudo das notas pedais.~~
- Estudo da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo da expresión, prestando interese aos distintos estilos, a favor da interpretación.
- Estudo de exercicios específicos de emisión.
- Estudo de exercicios específicos de picado simple, así como dobre e triplo.
- Estudo de exercicios específicos de afinación.
- Estudo de exercicios específicos de sonoridade.
- Estudo da posición fixa, chegando a conseguir trinos no rexistro agudo.
- Aplicación dos exercicios anteriores nos específicos de expresividade.
- Práctica dos diferentes estilos por medio de obras e exercicios.
- ~~Estudo dos exercicios de transporte.~~
- Práctica nas diferentes formacións. (ata o 13 de Marzo)
- Estudo dos diferentes modelos de escalas para aplicalas á interpretación dos diferentes estilos.
- Estudo dos estratos de orquestra.



- Estudo dos trazos característicos (articulación, fraseo, ornamentación, etc.) de cada estilo.
- Dominio da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.

CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas da Trompeta
- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.(ata o 13 de Marzo)
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación con instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión da Trompeta
- Estudo do rexistro agudo.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



- Estudo dos ornamentos (trinos, grupetos, apoios, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista da Trompeta adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.(ata o 13 de Marzo)

CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

- a) Dominar a técnica (escalas, arpejos, escala cromática e intervalos) de tódalas tonalidades e respectivas modalidades e afondar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da Trompeta.
- b) Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo e afinación.
- c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- d) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



e) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel. (ata o 13 de Marzo)

f) Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.

g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

h) Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocritica e participar nas actividades programadas.

i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

Contidos

a) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento Con exercicios en todas as tonalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e procurando unha maior claridade e sincronismo nas distintas articulacións, tomando como modelo os exercicios do método Technicalstudies H. L. Clarke.

b) Estudo do rexistro agudo. Arpexos e harmónicos naturais picados e ligados. c) Afondamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado.

d) Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica das notas pedais, picados e ligados.

e) Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos).

f) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

g) Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpexos, estudos e obras programadas no curso.

h) Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.

i) Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 9 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	----------------	--



j) Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

a) Dominar a técnica (escalas, arpexos, escala cromática e intervalos) de tódalas tonalidades e respectivas modalidades e afondar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da Trompeta.

b) Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo e afinación.

c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

d) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

e) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel.(ata o 13 de Marzo)

f) Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.

g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

h) Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocritica e participar nas actividades programadas.

i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

Contidos

a) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento con exercicios en todas as tonalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 10 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	-----------------	--



procurando unha maior claridade e sincronismo nas distintas articulacións, tomando como modelo os exercicios do método Technicalstudies H. L. Clarke.

b) Estudo do rexistro agudo. Arpexos e harmónicos naturais picados e ligados.

c) Afondamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado.

d) Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica dos intervalos en diferentes tonalidades, picados e ligados. Estudo das pedais, picados e ligados.

e) Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos).

f) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

g) Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpexos, estudos e obras programadas no curso.

h) Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.

i) Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.

j) Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 11 DE 17	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO:1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA:TROMPETA
--	-----------------	--



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	Procedementos Os procedementos de avaliación empregados na materia de trompeta son os indicados na programación da mesma para o 1º e o 2º trimestre, e son os seguintes: – 45% da nota da avaliación extraído da media das notas das clases semanais de instrumento. – 5% dunha proba de lectura a primeira vista. – 25% do exame trimestral, que inclúe escalas e estudos. – 25% da audición da obra correspondente a cada trimestre en público. Cabe destacar que no 2º trimestre non se puido realizar o exame, polo que a ponderación da nota da 2ª avaliación foi como sigue: – 75%: media das notas das clases semanais de instrumento. – 25%: audición da obra correspondente ao trimestre en público. Debido a que a 3ª avaliación só ten un carácter informativo e só computa para a subida da nota final, a nota correspondente ao traballo realizado polo alumnado durante o 3º trimestre determinarase por unha valoración global deste traballo realizado, así como o interese mostrado, a comunicación periódica co profesor e a progresión acadada nos contidos do curso. Instrumentos Empregaranse os instrumentos indicados na programación da materia: – O caderno do profesor, para todo o referente ás clases semanais, exames de técnica e de lectura a 1ª vista, e a este 3º trimestre. – A folla de calibración exposta para a valoración das audicións realizadas no 1º e o 2º trimestre.
Cualificación final	A cualificación final do curso calcularase a partir da media das puntuacións da 1º e a 2ª avaliación outorgadas polo profesor a cada alumno/a conforme aos procedementos previamente expostos. A esta cualificación calculada sumarase o 10% da nota global que o profesor outorgue a cada alumno/a segundo a súa progresión durante o 3º



	trimestre, de tal forma que engadirá as seguintes puntuacións á nota media do curso de cada un/unha: – Nota global no 3º trimestre de 1 punto: +0,1 engadido á nota media do curso. – Nota global no 3º trimestre de 2 puntos: +0,2. – Nota global no 3º trimestre de 3 puntos: +0,3. – Nota global no 3º trimestre de 4 puntos: +0,4. – Nota global no 3º trimestre de 5 puntos: +0,5. – Nota global no 3º trimestre de 6 puntos: +0,6. – Nota global no 3º trimestre de 7 puntos: +0,7. – Nota global no 3º trimestre de 8 puntos: +0,8. – Nota global no 3º trimestre de 9 puntos: +0,9. – Nota global no 3º trimestre de 10 puntos: +1.
Proba extraordinaria de setembro	Seguiranse os criterios establecidos para cada curso na programación da materia, reducindo os contidos aos traballados presencialmente durante os dous primeiros trimestres do curso: escalas , 2 estudos e 2 obras correspondentes o curso académico que corresponda. A ponderación das puntuacións será a indicada na programación: – Exercicios técnicos (escalas, terceiras e arpexos): 20%. – Estudos: 30%. – Obras: 50%.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: NON APLICA
	Criterios de cualificación: NON APLICA
	Procedementos e instrumentos de avaliación: NON APLICA



3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE(RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades

As actividades a realizar neste 3º trimestre dependen do caso no que se atopa cada alumno/a en concreto, dividíndose en:

– **Recuperación:** O alumnado que teña avaliación negativa no 1º e/ou no 2º trimestre deberá enviar antes do 12 de xuño gravacións de audio ou vídeo co material pendente de recuperación: escalas, 2 estudos por cada trimestre suspenso e a obra nova correspondente ao 3º trimestre (por motivo de que as obras dos outros dous trimestres xa foron interpretadas en audición, para fomentar a motivación e a continuación da formación deste alumnado).

– **Repaso:** Aquel alumnado que o profesor considere que debe perfeccionar parte do material traballado durante o curso recibirá instrucións para retomalo neste período. No momento presente, todos/as os/as alumnos/as de trompeta do centro deben repetir as tonalidades de escalas e estudos correspondentes ao 2º trimestre, ata telas dominadas.

– **Reforzo:** Os/as alumnos/as que presenten unha necesidade técnica ou de outra índole concreta na práctica instrumental, recibirá material e/ou instrucións para cubrila. Neste caso, cada alumno/a posúe unha serie de exercicios de son, de velocidade e precisión técnica e instrucións de cara ao correcto estudo adaptados ás súas características individuais.

– **Ampliación:** Todos/as os/as alumnos/as seguirán avanzando cos estudos e obra correspondentes ao 3º trimestre (a excepción do alumnado suspenso, que repetirá os estudos correspondentes ao/s trimestre/s suspenso/s). Con respecto a esta obra nova, e aproveitando ás aprendizaxes que se poden potenciar en maior modo neste momento, a todos/as os/as alumnos/as se lles solicitaron dous traballos de reflexión sobre a partitura: o primeiro é a realización dun comentario comparativo entre dúas versións da obra, e o segundo un traballo autónomo da partitura, incluíndo a determinación de articulacións (nas obras de estilo Barroco), matices, elementos de



	<i>rubato, vibrato</i>, etc. Ademais, todo o alumnado que remate os exercicios técnicos incluídos no apartado de repaso, seguirá avanzando coas tonalidades de escalas e estudos correspondentes ao 3º trimestre.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A programación vixente da materia introduce o apartado de metodoloxía da seguinte forma: "pola propia natureza da ensinanza de trompeta, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria" (p.11). A necesidade que presenta este 3º trimestre non é tanto dun cambio substancial nesta metodoloxía didáctica, senón unha adaptación da canle e o modo de comunicación que o profesor terá que empregar para guiar o traballo do alumnado. O parágrafo referido anteriormente continúa: "así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos ata un programa de concerto." Neste caso, resulta evidente a imposibilidade de realizar ese aprendizaxe por proxectos cunha fin inmediata (a súa interpretación en público). Non obstante, cabe destacar que a aplicación dos proxectos mencionados (obras e estudos) será prioritaria de cara á programación do vindeiro curso. Se trata de seguir esa dinámica demorando (a cando a situación o permita) a súa aplicación práctica en público (de ser o caso), ou en tal caso, en persoa co propio profesor e/ou compañeiros/as. A introdución á metodoloxía realizada na programación remata coa seguinte aseveración: "Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte. Pódese entender disto que a actividade docente da materia estará adaptada en todo momento ás circunstancias que rodeen á súa práctica, o que inclúe a circunstancia presente. Non resulta preciso un cambio nos métodos didácticos a empregar,



	senón unha adaptación á forma de levalos a cabo, tentando xerar a motivación cara á aprendizaxe autónoma suficiente que permita a progresión ininterrompida do alumnado neste período. Para iso, será fundamental incidir sobre a madurez dos/as alumnos/as, tratando de que a súa motivación non se vexa minguada por mor da demora da gratificación (interpretación en persoa e/ou en público do material traballado). Por último, cabe mencionar que todos/as os/as alumnos/as de grao profesional de trompeta do centro dispoñen dos recursos necesarios para a continuación da actividade lectiva con éxito. Todos/as contan con conexión a internet, ordenador dispoñible e móbil propio. Polo tanto, poden acceder á plataforma centrosnet, manter unha comunicación directa co profesor vía Whatsapp, podendo realizar videoclases, enviar arquivos de audio ou vídeo, e recibir audios, vídeos, mensaxes instantáneas ou documentos (Word, PowerPoint, PDF, etc.) coas explicacións e orientacións oportunas en cada momento.
Materiais e recursos	Como xa se indicou, para o correcto funcionamento da actividade lectiva neste 3º trimestre, será preciso que tanto profesor como alumnado conten con: – Ordenador con conexión a internet e acceso á plataforma centrosnet. Ademais, o profesor deberá contar con procesadores de texto e/ou presentación en diapositivas para a elaboración de explicacións e correccións, enviándoas preferentemente en formato PDF ao alumnado, coa fin de evitar problemas á hora de abrir os citados documentos. – Móbil propio con conexión a internet e a rede social Whatsapp, skype ou zoom, para a comunicación continua profesor-alumno/a, a realización de videoclases e o envío de arquivos de audio e/ou vídeo ou calquera outro tipo que sexa oportuno. – Partituras formato PDF para a correcta continuidade da programación.



4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado de trompeta será informado polo seu profesor dos procedementos a realizar e o seu seguimento polas seguintes vías: – Plan de traballo individualizado enviado individualmente a través da plataforma CentrosNet. – Comunicación continua por Whatsapp directa cos/as alumnos/as (previa autorización dos seus pais/nais ou titores/as legais). – Comunicación por Whatsapp ou chamada telefónica aos seus pais/nais ou titores/as legais, no caso de ser precisa esta opción. O Centro encargárase de subir as adaptacións das programacións á plataforma educativa do mesmo Centro informando deste procedemento ás familias onde o van poder consultar no momento que o precisen.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro e na plataforma CentrosNet.